

HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN A

ORIENTACIÓNS: *Os documentos que seguen teñen como asunto central a oposición ao réxime franquista. Na redacción, debes tratar as seguintes cuestións: A evolución da oposición ao longo da ditadura; a variedade de formas empregadas; os diferentes sectores e organizacións implicados. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.*

Doc.1. – Orixes da guerrilla antifranquista (Vida Guerrilleira, Boletín das guerrillas de Galicia, 1948):

“Alí onde había homes perseguidos que se viron na necesidade de fuxir, fixérono antes de caer de novo na cadea ou ante un pelotón de execución. Marcharon así ao monte homes de todas as tendencias, socialistas, anarquistas, algúns católicos e, sobre todo, numerosos militantes comunistas (...). Ao principio as nosas accións tiñan un carácter case exclusivamente de fuxidos que se moven organizadamente buscando puntos de apoio, falando coas xentes da necesidade de crear o movemento guerrilleiro. Eramos os fuxidos, os escapados, como nos chamaba o pobo. E nesa época, no momento máis agudo da represión franquista, tivemos sempre o apoio abnegado, silencioso e incondicional do pobo. Aqueles homes que nas aldeas nos axudaban sabían perfectamente ao que se expoñían e, non obstante, non vacilaban en acollernos”.

Doc.2.- Declaración do Partido Comunista de España promovendo unha política de Reconciliación Nacional (1956):

“Nos últimos anos produciuse unha importante evolución. Forzas considerables, que noutro tempo integraron o campo franquista, foron mostrando a súa discrepancia cunha política que mantén vivo o espírito de guerra civil. No campo republicano son máis numerosas e influentes as opinións dos que estiman que hai que enterrar os odios e rancores da guerra civil (...). Un estado de espírito favorable á reconciliación nacional dos españois, vai gañando ás forzas político-sociais que loitaron en campos adversos durante a guerra civil. (...). Fóra da reconciliación nacional non hai máis camiño que o da violencia”.

Doc.3.- Salvador de Madariaga analiza a repercusión do chamado polo franquismo “Contubernio de Munich”:

“O 8 de xuño de 1962 quedou pois consagrada en Munich a negativa terminante a admitir a España nin aínda como asociada no sistema europeo mentres non cambie o seu réxime. Ao regresar a España os delegados do interior (...) víronse obrigados a escoller desde a escaleira do avión, ou o seu desterro ou o seu confinamento en Fuerteventura. A Gil Robles non lle foi permitido comunicar coa súa casa nin aínda para cambiar de roupa (...). Esta conduta bárbara, no sentido concreto da palabra, é dicir, desprovista de lei, caridade e respecto, terminou por allearlle ao réxime a opinión europea e aínda universal”.

Doc.4.- Manifiesto conxunto de Comisiones Obreiras e o Sindicato Democrático de Estudiantes (1967):

“As Comisiones Obreiras de Barcelona e provincia e o Sindicato Democrático de Estudiantes da Universidade de Barcelona saúdan e solidarízanse con todas estas grandes accións de masas que se desenvolven no noso país (...). O Goberno acentúa a represión detendo e procesando a destacados dirixentes do movemento obreiro e estudiantil (...). A vigorosa loita solidaria do pobo conseguiu a liberdade destes demócratas encarcerados. Pero pende sobre eles a ameaza de procesos. Ante esta situación, as CC.OO. de Barcelona e provincia e o SDEUB chamamos a todos os traballadores e estudantes a facer do día 17 unha gran xornada de loita (...) para esixir, xunto ás reivindicacións máis urxentes da clase obreira, aquelas que hoxe son máis sentidas polos traballadores e as amplas masas populares do país: Salario mínimo de 250 pesetas. Semana de 44 horas. Salario igual para mulleres e mozas a iguais condicións de traballo. Xestión e control polos traballadores do réxime de seguridade social. Dereito de folga e a liberdade de reunión (...). Democratización do ensino e a Universidade. Liberdade de todos os detidos e anulación de todos os sumarios e sancións (...). Disolución da Brigada Político-Social e do Tribunal de Orde Pública”.

Doc.5.- En 1974, o Partido Comunista de España inspirou a formación da Xunta Democrática, na que se agrupaban diversas forzas de oposición que aprobaron o seguinte programa:

“1.- A formación dun goberno provisional que substitúa ao actual (...). 3.- A legalización dos partidos políticos sen exclusións. 4.- A liberdade sindical e a restitución ao movemento obreiro do patrimonio do Sindicato Vertical. 5.- Os dereitos de folga, de reunión e de manifestación pacífica. 6.- A liberdade de prensa (...). 8.- A neutralidade e a profesionalidade, exclusivamente militar para a defensa exterior, das forzas armadas. 9.- O recoñecemento, baixo a unidade do Estado español, da personalidade política dos pobos catalán, vasco e galego e das comunidades e rexións que o decidan democraticamente. 10.- A separación da Igrexa e do Estado (...)”.

HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN B

ORIENTACIÓNS: Baseándote nos seguintes documentos debes compoñer un texto sobre a crise da Restauración, aberta a partir de 1898. Na redacción, debes abordar as seguintes cuestións: consecuencias da guerra de 1898; a falta de lexitimidade política do sistema; as demandas sociais e políticas que se reclamaban para rexenerar a vida pública; os problemas bélicos en Marrocos e o papel dos militares que culminou co pronunciamento de Primo de Rivera como final do réxime constitucional. Recorda que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.

Doc. 1.- Balance oficial de mortos na Guerra de Cuba (1898)

Na guerra	1 xeneral	60 oficiais	1.314 soldados
Por feridas	1 xeneral	81 oficiais	704 soldados
Por febre amarela	–	313 oficiais	13.000 soldados
Por outras enfermidades	–	127 oficiais	40.000 soldados
Na travesía de regreso	–	–	60 soldados
TOTAL	2 xenerais	581 oficiais	55.078 soldados

Doc. 2.-: Oligarquía e caciquismo (Joaquín Costa, 1901):

“Non é a nosa forma de goberno un réxime parlamentario, viciado por corruptelas e abusos, segundo é uso entender, senón, ao contrario, un réxime oligárquico, servido, que non moderado, por institucións aparentemente parlamentarias. Ou, dito doutro xeito, non é o réxime parlamentario a regra, e excepción dela os vicios e as corruptelas denunciadas na prensa e no Parlamento mesmo durante sesenta anos; ao revés, iso que chamamos desviacións e corruptelas constitúen o réxime, son as mesma regra...”

Doc. 3.-: Comunicado da Asemblea de Parlamentarios de Cataluña (asinado entre outros por Lerrox e Cambó, 1917):

“Os representantes en Cortes de Cataluña, ante a gravidade e transcendencia dos momentos actuais, sen quebranto das súas particulares conviccións políticas que integramente manteñen, coinciden en afirmar: A.- Que é vontade xeral de Cataluña a obtención dun réxime de ampla autonomía. B.- Que é de gran conveniencia para España transformar a organización do Estado baseándoa nun réxime de autonomías que, adaptando a súa estrutura á realidade da vida española, aumente a súa cohesión orgánica e facilite o libre desenvolvemento das súas enerxías colectivas.

E en adoptar os seguintes acordos: 1º Pedir ao Goberno a inmediata reunión das Cortes para que as mesmas, en funcións de constituíntes, deliberen e resolvan sobre a organización do Estado e a autonomía dos Municipios e dean solución inmediata ao problema militar e aos que as circunstancias actuais suscitan con presa inaprazable para a vida económica de España. 2º Comunicar o anterior acordo ao Goberno, e, en caso de non obter a inmediata convocatoria das Cortes, convidar a todos os senadores e deputados españois para que concorran a unha Asemblea extraoficial que se delibere sobre os extremos consignados no acordo anterior, e cuxa primeira reunión tería lugar nesta cidade o día 19 do corrente”.

Doc. 4.- O desprestixio de Afonso XIII nos anos 20, reflectido nas memorias de Arturo Barea (A Forxa dun rebelde):

“Toda a porcallada do ‘Narigón’[alcume do Rei Alfonso XIII] está agora saíndo a relucir: os millóns que [lle pagaron] para abrir as casas de xogo, o Palacio de Xeo e o Casino de San Sebastián, (...). Está nas minas do Rif (...) e no abastecemento de camiións para o exército (...); e aínda por riba de todo, a lea de Marrocos (...): Unha historia sucia, porque resulta que é el o responsable do desastre. Escribiulle a Silvestre, ás agachadas de Berenguer, e díxolle que seguise adiante. Din ata que, cando Annual acababa de ser conquistado, lle mandou un telegrama a Silvestre (...) e cando se lle falou da catástrofe e dos miles de mortos que había, dixo: ‘A carne de galiña é barata’. Claro é que todos os reaccionarios estano defendendo nas Cortes, pero os republicanos e os socialistas están pegando duro. Ademais, hai outra cousa: agora que están mandando forzas expedicionarias e todos os Fulanos que escaparon co seu diñeiro de ir a Marrocos teñen que ir, aínda que non queiran, moitos dos liberais queren que se depure a cousa. Séntalles como un tiro que teñan que perder os seus cartiños e se a man vén, os fillos. De todas as maneiras, unha cousa é certa: vai haber un proceso (...). Un proceso para establecer a responsabilidade do que pasou en África. Os xenerais están que rebentan de rabia. Ata ameazaron cun pronunciamento como nos tempos de Isabel.

HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN A

ORIENTACIÓNS: Os documentos seguintes deben permitirche elaborar un texto sobre a vida política durante o reinado de Isabel II. Na túa redacción debes abordar as seguintes cuestións: A diversidade das forzas políticas, dende o carlismo ata o republicanismo democrático; o predominio político moderado; o intervencionismo militar na política; as circunstancias que concorren na caída do réxime. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.

Doc. 1. Pastoral do bispo de Mondoñedo (1837)::

“Carlistas, pelexade ata a morte polo voso Deus, polo voso Rei, pola vosa Relixión, polas vosas leis, por vós mesmos e polo ben do mundo enteiro (...). Respectade e honrade aos Sacerdotes que eles tanto perseguen, e buscádeos con ansia, se vos remorde algún delito para confesarlle e dar gloria ao voso Deus (...).”

Doc. 2. Preámbulo da Constitución de 1845:

“Dona Isabel II, pola Graza de Deus e da Constitución da Monarquía Española, Raíña das Españas, a todos os que a presente viren e entenderen, sabede:

Que sendo a nosa vontade e a das Cortes do Reino regularizar e poñer en consonancia coas necesidades actuais do Estado os antigos *fueros* e liberdades destes reinos, e a intervención que as súas Cortes tiveron en todos os tempos nos negocios graves da Monarquía, modificando ao efecto a Constitución promulgada en 18 de xuño de 1837, vimos (...) en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía Española”.

Doc.3. Comentario sobre o intervencionismo militar na vida política (*El pensamiento de la nación*, 18 de marzo de 1846):

“As queixas contra a preponderancia militar datan de moito tempo: hai longos anos que as fraccións liberais se acusan unhas a outras polos estados de sitio. O que en 1834 e 1835 dicían os progresistas contra os moderados, dixeron os moderados contra os progresistas en 1836 e 1837; ata 1840 tocoulles aos progresistas repetir os mesmos cargos que logo reproduciron os moderados ata 1843; dende o pronunciamento de xuño do dito ano quéixanse outra vez os progresistas (...).

O poder militar é forte porque o civil é fraco, non tanto se debe pensar en abater aquel como en fortalecer este; a forza do poder civil será a ruína do militar, que deixará de ser poder e pasará a ser unha clase como as demais do Estado...”.

Doc. 4. En 1860, o republicano Fernando Garrido caracteriza así as máis importantes tendencias políticas do momento:

“Os moderados representan un paso máis na escala do progreso, non conceden senón a medias o principio da soberanía nacional. Din: o rei ten o seu dereito de ser soberano, dereito histórico e de raza, pero o pobo tamén ten dereito a intervir co rei na xestión dos públicos intereses; e conservando as institucións do absolutismo, líganos o menos mal que poden coas novas, que deben satisfacer os desexos das clases acomodadas, e unha pequena parte das medias.

Os progresistas parten do principio da soberanía nacional, que colocan sobre todos os outros. O rei, segundo eles, éo porque a nación quere que o sexa, e non porque o herdara dos seus devanceiros (...).

Hai unha fracción demócrata que cre posible a amalgama da monarquía e dos principios democráticos, da liberdade individual e da soberanía nacional.

Segue a esta a fracción republicana propiamente dita. A democracia como réxime político quere, segundo vemos nas súas publicacións, no canto do rei un consello ou xunta federal composta, como en Suíza, por un ou máis membros por cada provincia ou Estado. No canto de dúas cámaras, unha soa. No canto do censo electoral, o sufraxio universal para toda clase de eleccións. Os seus elementos máis activos pertencen ás profesións liberais, aos traballadores e artesáns, e unha parte máis considerable cada día á clase media”.

Doc. 5. As forzas militares mandadas por Prim, Serrano e Topete pronúncianse en Cádiz en setembro de 1868, publicando o seguinte manifesto:

“Aldraxada a lei fundamental (...), corrompido o sufraxio pola ameaza e o suborno (...), pasto a Administración e a Facenda da inmoralidade (...), muda a prensa (...). Tal é a España de hoxe (...). Queremos que un Goberno provisional que represente todas as forzas vivas do país asegure a orde, en tanto que o sufraxio universal bota os alicerces da nosa rexeneración social e política”.

HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN B

ORIENTACIÓNS: *Os documentos seguintes permiten elaborar un texto sobre a rebelión militar do 18 de xullo de 1936. Na redacción debes tratar as seguintes cuestións: A caracterización do golpe militar; os argumentos esgrimidos polos sublevados e os principais asuntos que propician o conflito co goberno lexítimo; os intereses defendidos e os apoios sociais e políticos cos que conta cada parte; a interpretación histórica do levantamento militar. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.*

Doc.1. Alocución radiada do xeneral Franco (18 de xullo de 1936), na que xustifica a rebelión contra a República:

“A situación de España é cada día máis crítica; a anarquía reina na maioría dos seus campos e vilas; autoridades de sona gubernativa presiden, cando non fomentan, as revoltas; a tiro de pistola e ametralladoras dirímense as diferenzas entre os cidadáns (...), sen que os poderes públicos impoñan a paz e a xustiza. Folgas revolucionarias de toda clase paralizan a vida da Nación (...). Ao espírito revolucionario e inconsciente das masas, enganadas e explotadas polos axentes soviéticos (...), únese a negligencia de autoridades de todas clases (...).

A Constitución, por todos suspendida e vulnerada, sofre unha eclipse total: nin igualdade ante a lei, nin liberdade (...), nin unidade da patria, ameazada polo desgarramento territorial (...). ¿É que podemos abandonar a España aos inimigos da patria, con proceder covarde e traidor, entregándoa sen loita e sen resistencia? ¡Iso non! Que o fagan os traidores, pero non quen xuramos defendela”.

Doc.2. O día 2 de agosto de 1936, o presidente das Cortes republicanas, Diego Martínez Barrio, enxuiza así a insurrección militar:

“Os xenerais e oficiais que se lanzaron en armas fixérono contra o Estado español, representado por un Presidente da República, nomeado legalmente, e coa asistencia e aínda co voto de deputados de todos os partidos; por unha Cámara lexítima elixida sen tacha, durante o mando dun goberno adversario, duns partidos que resultaron triunfantes nas eleccións, e por un poder executivo constitucionalmente designado (...).

Certo é que o Estado e os seus poderes lexítimos se atopan asistidos co máis desinteresado dos concursos das clases obreiras, representadas polos seus sindicatos e partidos. Así, o Socialista como o Comunista, así a CNT como a UGT, así a Federación de Grupos Libertarios como o Partido Sindicalista (...). Pero detrás do Estado atópanse tamén en liña de combate os partidos republicanos que contribuíron á instauración do réxime en abril de 1931 (...), as clases comerciais, industriais e agrícolas do país (...), o pobo español (...).

Toda rebelión descansa sobre un suposto de falsidade: o de aparentar crer que a gobernación do país está secuestrada por poderes ilexítimos e que o triunfo do Estado se traduciría na implantación dun réxime político comunista (...).

¿Por que o fixeron? ¿Por que o fixeron? Simplemente se trata de substituír a vontade xeral do pobo enteiro pola dunha clase social desexosa de perpetuar os seus privilexios. Nin amor a España, nin desacougo polo corpo da Patria, nin temores polo seu desmembramento, nin desasosigo polo desenvolvemento da súa economía (...).”

Doc.3. Nos últimos anos, unha interpretación revisionista do golpe comparte e predica algúns dos mitos franquistas. Texto de Pío Moa (2009):

“O 18 de xullo foi, realmente, a rebelión dunha parte do exército e do pobo contra o proceso revolucionario e un goberno ilegal (...). Foi a esquerda a que derrubou todo o que tiña de democrática a república e fixo inevitable o dilema de someterse á tiranía revolucionaria ou rebelarse contra ela (...).

E o autoritarismo franquista liberou a España da revolución, da guerra mundial, dunha nova guerra civil, deixou un país próspero e reconciliado, e inaugurou o período de paz máis prolongado que gozou España en dous séculos”.

Doc.4. Interpretación do historiador Ángel Viñas (2011):

“¿Que representou o golpe militar do 18 de xullo? No meu parecer, o desexo de derrogar pola forza, a calquera custo, as reformas políticas, económicas, culturais e sociais da experiencia republicana. Eran necesarias para paliar a extrema pobreza na que se debatía unha parte importantísima da sociedade española. Eran precisas para achegar a España aos moldes culturais europeos, dos que durante tanto tempo estivera afastada (...). Eran imprescindibles para poñer España ao día (...).

Tales reformas non foron asumibles polo sector máis reaccionario das dereitas”.

ABAU
CONVOCATORIA DE XUÑO
Ano 2017

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DE ESPAÑA
(Cód. 03)

Criterios de avaliación do exame

Opción A: A oposición ao franquismo

Orientacións incluídas no exame: «Os documentos que seguen teñen como asunto central a oposición ao réxime franquista. Na redacción, debes tratar as seguintes cuestións: A evolución da oposición ao longo da ditadura; a variedade de formas empregadas; os diferentes sectores e organizacións implicados. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita».

Trátase de que as e os estudantes realicen unha composición (unha redacción) sobre a oposición ao franquismo, polo que se valorará a calidade da comunicación escrita (claridade, coherencia, corrección sintáctica e ortográfica, capacidade de análise e síntese).

Na redacción deben incorporar contidos presentes ou relacionados con todos e cada un dos documentos propostos, mencionándoos explicitamente. Mais non deben limitarse a resumir ou parafrasear os documentos.

Valorarase a contextualización da información que proporcionan os documentos en relación coas circunstancias sociais e políticas, tendo en conta aquelas que mudaron e as que se mantiveron durante a ditadura franquista. Non se esixe unha listaxe determinada de conceptos, mais si que utilicen correctamente os que utilicen na composición.

Na redacción débese identificar as diferentes formas de oposición ao franquismo, situándoas correctamente no tempo. Non se esixe unha precisión cronolóxica (datas concretas) mais debe estar presente a dimensión temporal.

É conveniente que identifiquen diferentes colectivos e organizacións que se enfrontaron ao franquismo (ademais dos mencionados explicitamente nos documentos) e a relevancia (a influencia social e/ou política) que tiveron cada un deles.

Non é preciso realizar unha composición exhaustiva sobre o franquismo, nin que mencionen necesariamente os antecedentes e/ou consecuencias. Porén, poderá valorarse positivamente que incorporen na composición datos e/ou aspectos causais ou doutro tipo, que lles permitan afondar no tema.

Opción B: Crise da Restauración

Orientacións incluídas no exame: «Baseándote nos seguintes documentos debes compoñer un texto sobre a crise da Restauración, aberta a partir de 1898. Na redacción, debes abordar as seguintes cuestións: consecuencias da guerra de 1898; a falta de lexitimidade política do sistema; as demandas sociais e políticas que se reclamaban para rexenerar a vida pública; os problemas bélicos en Marrocos e o papel dos militares que culminou co pronunciamento de Primo de Rivera como final do réxime constitucional. Recorda que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación teranse en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita».

Trátase de que as e os estudantes realicen unha composición (unha redacción) sobre a crise da Restauración, polo que se valorará a calidade da comunicación escrita (claridade, coherencia, corrección sintáctica e ortográfica, capacidade de análise síntese).

Na redacción deben incorporar contidos presentes ou relacionados con todos e cada un dos documentos propostos, mencionándoos explicitamente. Mais non deben limitarse a resumir o parafrasear os documentos.

A partir dos documentos, os estudantes deben identificar e valorar diferentes factores causais e acontecementos históricos clave que contribuíron ao desprestixio progresivo e á crise do réxime da Restauración entre 1898 e 1923.

Valorarase que contextualicen temporalmente a información que proporcionan os documentos, alén das datas concretas que figuran neles. Non se esixe unha listaxe determinada de conceptos, mais si que utilicen correctamente os que utilicen na composición

Non é preciso realizar unha composición exhaustiva sobre o sistema político da Restauración, nin é necesario que detallen antecedentes ou que se ocupen da Ditadura de Primo de Rivera. Porén, poderá valorarse positivamente que incorporen na composición informacións e/ou aspectos, que lles permitan afondar no tema.

Criterios de avaliación ABAU, Historia, Setembro 2017

Opción A: Forzas políticas no reinado de Isabel II

Orientacións incluídas no exame: «Os documentos seguintes deben permitirche elaborar un texto sobre a vida política durante o reinado de Isabel II. Na túa redacción debes abordar as seguintes cuestións: A diversidade das forzas políticas, dende o carlismo ata o republicanismo democrático; o predominio político moderado; o intervencionismo militar na política; as circunstancias que concorren na caída do réxime. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita».

Trátase de que as e os estudantes realicen unha composición (redacción) sobre a política española a mediados do século XIX. Valorarase a calidade da comunicación escrita (claridade, coherencia, corrección sintáctica e ortográfica, capacidade de análise e síntese).

Na redacción deben incorporar contidos relacionados con todos e cada un dos documentos propostos, mencionándoos explicitamente. Mais non deben limitarse a resumir ou parafrasear o seu contido: respaldo eclesiástico ao carlismo; hexemonía do liberalismo doutrinario moderado; protagonismo militar na política; principais tendencias ideolóxicas e desigual presenza na sociedade; crise final do sistema político da monarquía de Isabel II.

Valorarase positivamente que fagan referencias ao contexto social da época, que contextualicen temporalmente a información que proporcionan os documentos, alén das datas concretas que figuran neles, e que utilicen correctamente os conceptos que mencionen na composición.

Non é preciso que realicen unha composición exhaustiva sobre o sistema político do século XIX, nin que detallen antecedentes ou que se ocupen do Sexenio Democrático ou etapas posteriores.

Opción B: A rebelión militar do 18 de xullo de 1936

Orientacións incluídas no exame: «Os documentos seguintes permiten elaborar un texto sobre a rebelión militar do 18 de xullo de 1936. Na redacción debes tratar as seguintes cuestións: A caracterización do golpe militar; os argumentos esgrimidos polos sublevados e os principais asuntos que propician o conflito co goberno lexítimo; os intereses defendidos e os apoios sociais e políticos cos que conta cada parte; a interpretación histórica do levantamento militar. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita».

Trátase de que as e os estudantes realicen unha composición (redacción) sobre a rebelión militar de 1936 que deu lugar á Guerra Civil e, posteriormente, á ditadura. Valorarase a calidade da comunicación escrita (claridade, coherencia, corrección sintáctica e ortográfica, capacidade de análise e síntese).

Na redacción deben incorporar contidos presentes ou relacionados con todos e cada un dos documentos propostos, mencionándoos explicitamente. Mais non deben limitarse a resumir ou parafrasear os documentos: caracterización da sublevación militar, a xustificación do golpe militar polos sublevados, a condena da sublevación por parte do goberno republicano, as interpretacións do golpe militar na actualidade e función crítica da historia.

Valorarase a capacidade de identificar e ponderar os argumentos que se expoñen en cada documento e non que o estudante se limite a aprobar ou condenar o que se di neles, o uso correcto dos conceptos que empreguen na composición, e as referencias aos debates presentes na sociedade actual sobre o golpe militar.

Non é preciso realizar unha composición exhaustiva sobre a Guerra Civil e o Franquismo, nin que mencionen necesariamente os antecedentes e/ou consecuencias. Porén, poderá valorarse positivamente que incorporen na composición datos concretos relativos ao golpe militar, aos sectores sociais que o apoiaron e rexeitaron, e á sublevación como desencadeante da Guerra Civil.